

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE XULLO DE 2022

PRESIDENTE:

O primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós

ASISTENTES:

D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D. Óscar A. García Patiño
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez e a Sra. Concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

O Sr. González Leirós manifesta que asume a Presidencia desta sesión como Primeiro Tenente de Alcalde, pola ausencia do Sr. Alcalde D. Óscar A. García Patiño, quen lla comunicou o día de onte.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE XULLO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 19 de xullo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 19 de xullo de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde de 12 de xullo de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2022 co fin de adxudicar equipos de emerxencia, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR450A). DOG núm. 139 do 21-07-2022.
- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras modificadas do POS + 2022 para a regulación do POS + Adicional 2/2022. BOP núm. 139 do 22-07-2022.
- Decreto 130/2022, de 21 de xullo, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios que aconteceron en Galicia durante o mes de xullo de 2022. DOG núm. 140 do 22-07-2022.
- Anuncio do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, da excma. Deputación provincial da Coruña, da Resolución de Presidencia nº 2022/32445, do 19 de xullo de 2022, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector de orquestras e verbenas (PEL-CONCELLOS OV). Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "solicitude de axuda no programa de axudas ao sector das orquestras e as verbenas", cun importe de subvención de 14.984,00 euros. BOP núm. 140 do 26-07-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E PLAN DE OBRA PRESENTADOS POLA EMPRESA 'VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA, SL' PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA 'MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DO POLÍGONO DO TEMPLE. CAMBRE (SUPERVISADO)' OBRA INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2021. EXPEDIENTE: 2021/C003/000008

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de xullo de 2022 (CVD: fLtBWNf3SIhIwquXk7x6), relativa á aprobación de do plan de seguridade e saúde, plan de xestión de residuos e plan de obra presentados pola empresa 'Vías e Servizos Compostela, SL' para a execución da obra denominada 'Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)' obra incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 2/2021. Expediente: 2021/C003/000008, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro de 2021 polo que se aprobou o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado (art. 159 da LCSP) para a obra "Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 (expediente 2021/C003/000008).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2022 polo que se adjudicou a obra denominada "Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 (expediente 2021/C003/000008) á empresa "Vías e Servizos Compostela, S.L.", asinándose o correspondente contrato o día 11 de xuño de 2022.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra correspóndelle á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L.", adjudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)" (exp. 2020/C004/000022), segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 6/07/2021.

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade "Gallega de Coordinacións, S.L.", ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 21 de xuño de 2022 e número de rexistro 202299900003340.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adjudicataria "Vías e Servizos Compostela, S.L." con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 22 de xuño de 2022 e número 202099900003352.

Visto o Programa de traballo presentado pola empresa adjudicataria "Vías e Servizos Compostela, S.L." con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 22 de xuño de 2022 e número 202099900003352.

Vistos os informes favorables emitidos ámbolos dous con data 12 de xullo de 2022 pola enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.2 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria, "Vías e Servizos Compostela, S.L." e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade "Gallega de Coordinacións, S.L.", para a execución da obra denominada "Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 (expediente 2021/C003/000008).

Segundo: Aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa "Vías e Servizos Compostela, S.L.", para a execución da obra denominada "Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 (expediente 2021/C003/000008).

Terceiro: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa "Vías e Servizos Compostela, S.L.", para a execución da obra denominada "Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre

(supervisado)” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 (expediente 2021/C003/000008).

Cuarto: Notificar este acordo á empresa “Vías e Servizos Compostela, SL,” e a Don Francisco Jesús Cobas Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notificar o presente acordo á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de xullo de 2022 (CVD: fLtBWNf3SIhlwquXk7x6), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E PLAN DE OBRA PRESENTADO POLA EMPRESA “GESTAL Y LÓPEZ, SL” PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DA PENA, CELA. FASE I”. EXPEDIENTE: 2021/C003/000017

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de xullo de 2022 (CVD: iPTNZBuqj7IHpDxvQe/1), relativa á aprobación do plan de xestión de residuos e plan de obra presentado pola empresa “Gestal y López, SL” para a execución da obra “mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cella. Fase I”. expediente: 2021/c003/000017, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2021 polo que se aprobou o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 da LCSP) para a obra “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cella. Fase I” (expediente: 2021/C003/000017).



Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2022 polo que se adxudicou a obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Fase I" á empresa "Gestal y López, S.L.", aceptando a entidade adxudicataria a execución do contrato con data 5/04/2022 e número de rexistro 202299900001746.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de xullo de 2022 e número 202299900003946.

Visto o informe favorable emitido con data 20 de xullo de 2022 pola arquitecta técnica municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido na cláusula 18.2 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de xestión de residuos e Plan de obra elaborados pola empresa adxudicataria, "Gestal y López, SL," para a execución da obra denominada "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Faes I" (Exp. 2021/C003/000017).

Segundo: Notificar este acordo á empresa "Gestal y López, SL, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo á arquitecta técnica municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de xullo de 2022 CVD: iPTNZBuqj7IHpDxvQe/1), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN A SOLICITUDE DA EMPRESA “GESTAL Y LÓPEZ, SL” ADXUDICATARIA DA OBRA “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DA ESCOLA DE MÚSICA SEMENTEIRA DE SIGRÁS, CAMBRE” (SUPERVISADO)”, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021, EXPEDIENTE 2021/C003/0000006

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de xullo de 2022 (CVD: tGb3/UCq8by18ebyTr62), relativa á aprobación de ampliación de prazo de execución a solicitude da empresa “Gestal y López, SL” adxudicataria da obra “mellora da accesibilidade na contorna da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre” (supervisado)”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, expediente 2021/C003/0000006, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 22 de marzo de 2022 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra “Mellora da accesibilidade na contorna da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre” (supervisado)”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 (expediente 2021/C003/0000006)

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de catro meses, que comezarán a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, asinada con data 22 de abril de 2022, especificando en dito documento que “*non comezará a discurrir o prazo de execución ata que polo órgano competente sexa aprobado o Plan de seguridade e saúde da obra*”.

Visto que con data 26 de abril de 2022 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos e o Plan de Obra, segundo o establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Vista a solicitude da empresa adxudicataria da obra, “Gestal y López, SL”, rexistrada no Concello de Cambre con data 4 de xullo de 2022 e número 202299900003600, na que alega o retraso da empresa de telefonía no retranqueo de postes de telecomunicacións que afectan ao trazado da senda e ao muro a executar.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao retraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se éste se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato, con data do 20 de xullo de 2022, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda unha ampliación do prazo de execución de dous meses, quedando así establecida como data de finalización da obra o próximo 26 de outubro de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Acordar a prórroga de catro meses, ata o 26 de outubro de 2022, na execución da obra “Mellora da accesibilidade na contorna da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre” (supervisado)”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 (expediente 2021/C003/0000006).

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria da obra e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Terceiro: Notificar á enxeñeira de Obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de xullo de 2022 (CVD: tGb3/UCq8by18ebyTr62), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 15 ao 20 de xullo do 2022, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1306/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1349/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1306/2022	15-07-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de xullo de 2022
1307/2022	15-07-2022	Conceder a licenza municipal para a ocupación de 270 m ² de vía pública polo prazo de 2 meses fronte ao edificio sito na rúa Eduardo Pondal, O Temple, con motivo da execución das obras consistentes na substitución das fiestras de cuberta e colocación de illamento térmico e tella cerámica curva na cuberta do citado edificio. Solicitante: RVB, S.L.
1308/2022	15-07-2022	Orde de execución cables en contacto con tendido, lugar Meixigo, Cambre. Propietarios: RBJM, SBC
1309/2022	15-07-2022	Orde de execución estado finca Pena, Sigrás. Prop. TRL
1310/2022	15-07-2022	Orde de execución estado finca Pena, Sigrás. Prop. Herdeiros MBM
1311/2022	15-07-2022	Orde de execución estado finca Fabás, Pravio. Prop. Herdeiros FVB
1312/2022	15-07-2022	Orde de xecución por vertido de augas residuais ao camiño público procedente da empresa MN en Lendoiro, Barcala (Cambre)
1313/2022	15-07-2022	Reposición legalidade urbanística por movementos de terras (escavación, estendido e acopio de terras) vertido e estendido en zonas parciais de árido ou material triturado e pola demolición dunha construción auxiliar existente na parcela sita en Piñeiro. Propiedade: JDCN
1314/2022	18-07-2022	Aboamento produtividade segundo trimestre do 2022
1315/2022	18-07-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Informativas do día 21.07.2022
1316/2022	18-07-2022	Conceder a licenza a para a instalación de terraza consistente en 4 mesas con 4 cadeiras cada unha fronte ao local "el var" situado na rúa Francisco Añón parroquia do Temple, Cambre. Solicitante: NDC
1317/2022	18-07-2022	Expediente sancionador a CD. S.L., por deficiencias observadas no local sito en rúa Tapia.
1318/2022	18-07-2022	Aprobación de facturas e gastos, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 26.668,15 euros
1319/2022	18-07-2022	Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde, don Diego Alcantarilla Rei, do día 1 de ao día 19 de agosto de 2022, ambos incluídos
1320/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 4 mesas durante o ano 2022 colocadas fronte ao local situado na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple, Cambre. Solicitante: DANM
1321/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 3 mesas (9,72 m ²) de xaneiro a xuño do ano 2022 fronte ao local situado na rúa Polígono, parroquia do Temple. Solicitante: T, S.C.
1322/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 20 mesas (64,80 m ²) durante o ano 2022 fronte ao local situado na praza de Manuel Murguía, parroquia do Temple. Solicitante: NyR, CB
1323/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 4 mesas (12,96 m ²) durante o ano 2022 fronte ao local sito na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: L36, S.L.
1324/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 17 mesas (6 mesas con 5 cadeiras, 5 mesas con 4 cadeiras e 6 mesas con 2 cadeiras) durante o ano 2022 fronte ao local situado no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple. Solicitante: DCN
1325/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en tres mesas durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, fronte á escola de padel situada na rúa Polígono, parroquia do Temple. Solicitante: PTALM, S.L.
1326/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 6 mesas con 4 cadeiras durante o ano 2022 situadas fronte ao café-bar situado na rúa Cruceiro, parroquia de Cambre. Solicitante: AMRV
1327/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 6 mesas (19,44 m ²) durante o ano 2022 fronte ao local situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple
1328/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 10 mesas (32,04m ²) durante o ano 2022 fronte ao local situado na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: CLC
1329/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en 12 mesas con 4 cadeiras cada unha durante o ano 2022 fronte ao local situado na praza Urbano Lugris, parroquia do Temple. Solicitante: CPR
1330/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 3 mesas con 4 cadeiras durante o ano 2022 fronte ao local situado na



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		rúa Lagoa, parroquia de Cambre. Solicitante: FS, S.L.
1331/2022	18-07-2022	Conceder a licenza a para a ocupación da vía pública mediante a instalación de terraza consistente en 2 mesas con catro cadeiras cada unha fronte ao local situado na travesía da Igrexa, parroquia do Temple. Solicitante: CH, S.L.
1332/2022	18-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 7 mesas con 4 cadeiras cada unha durante o ano 2022 fronte ao café-bar situado na rúa Párroco M. Cobas, parroquia do Temple. Solicitante: AYAA
1333/2022	18-07-2022	Autorización de asistencia á concelleira de Benestar Social, ao III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía
1334/2022	18-07-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 15.976,56 euros
1335/2022	19-07-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AGI
1336/2022	19-07-2022	Licenza de parcelación de finca sita na Rocha, Anceis de 2.463 m ² en dúas parcelas de 1.231 m ² e 1.232 m ²
1337/2022	19-07-2022	Licenza de segregación de finca sita no lugar de Outeiro, cesión promovida por M ^a SLS
e1338/2022	20-07-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por incumprimento do proxecto de intervención social. Solicitante: LSAO
1339/2022	20-07-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza. Solicitante: MIPR
1340/2022	20-07-2022	Licenza de rehabilitación da vivenda sita en Meixigo, Cambre promovido por M ^a JVR
1341/2022	20-07-2022	Licenza de edificación para adecuación de local sito na Patiña, Cambre, a uso de 6 vivendas promovido por TI, S.L.
1342/2022	20-07-2022	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Lendoiro, Cecebre, promovida por M ^a PGC
1343/2022	20-07-2022	Licenza para a rehabilitación da vivenda sita en San Lourenzo, Cambre promovida por MASP
1344/2022	20-07-2022	Licenza de edificación para construción dunha vivenda na Mota - Cecebre
1345/2022	20-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1346/2022	20-07-2022 09:03	Rectificación de erro material no decreto de concesión de axuda de emerxencia social recibo de aluguer a AKRM por importe de 500 euros
1347/2022	20-07-2022	Desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución núm. 1080/2022, de 10 de xuño, do concelleiro delegado da área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade na que se desestima unha subvención do programa de subvencións para entidades sen ánimo de lucro de Cambre 2021
1348/2022	20-07-2022	Arquivo da declaración de ruína da edificación sita en Gosende, Andeiro. Propietarios: AMG e MLRP
1349/2022	20-07-2022	Aprobación nómina mes de xullo de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo